POESIAGALEGA.ORG
arquivo de poéticas contemporáneas na cultura

GAAP
GRUPO ALEA DE ANÁLISE POÉTICA

Novoneyra, as descubertas

A. R. López e M. Dopico (coords.)

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

López, A. R. e M. Dopico (coords.) (2012 [2010]). "Novoneyra, as descubertas". *Galicia Hoxe*. "Revista das Letras": 821 (17 de maio), 1-32. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1454>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

López, A. R. e M. Dopico (coords.) (2010]). "Novoneyra, as descubertas". *Galicia Hoxe*. "Revista das Letras": 821 (17 de maio), 1-32.

* Edición dispoñíbel desde o 26 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

17 MAIO DO 2010 - NÚMERO 821

REVISTA DAS LETRAS

17M

Novoneyra, as descubertas

Novoneyra, as descubertas

Fran Alonso / Herminio Barreiro / Antón Patiño / José Luis Gallero / Maite Dono / Xosé Lois García / Arturo Casas / Branca Novoneyra / Luís Cochón / Uxío Novoneyra Rei / Esperanza Mariño / Carmen Blanco

Desde hai varios meses, a figura de Uxío Novoneyra foi un motor que mobilizou algúns dos máis interesantes traballos publicados en Galicia este ano. Investigadores, escritores, amigos do poeta courelao ou a súa propia familia proporcionáronlles aos lectores un variado material inédito, reconstrucións biográficas, antoloxías, reedicións e estudos que abriron unha físgoa xa irreversible na historia da Literatura galega do século XX. O que 'Revista das Letras' lles propuxo a estes investigadores para o 17 de maio foi unha destilación persoal das súas achegas. A proposta arrancaba dunha pregunta: ¿Cal foi a túa descuberta? Trátase non só de descubertas estritas –que tamén as houbo, como o demostra Luís Cochón– senón de desenvolver a historia da súa transformación persoal a través das indagacións en Novoneyra. O resultado son doce artigos cun valor en por si pero tamén como unha insólita revisión do creador de *Os eidos*. Este monográfico inclúe as ilustracións de *Xurxo Fernández*, deseñador da revista *Escrita* que se editou durante a presidencia de Uxío Novoneyra na Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Catro cantos para o cantor

Herminio Barreiro

Catro cantos: de Salvador García Bodaño, de Luis Cochón, de Xosé Luis Méndez Ferrín e de Antón Lopo. Para o cantor: Uxío Novoneyra. Catro cantos en forma de homenaxe. Catro calas na memoria de Uxío. Catro fitos que me axudan a querer máis o amigo inesquecible e a entrar mellor na súa alma. Catro maneiras novas de saber máis sobre a voz do noso pobo, da nosa terra, da patria nosa. Os catro cantos da nosa casa…

1. Un soneto de Salvador García Bodaño. Un fermosísimo soneto de Salvador García Bodaño. Un soneto que eu lle escoitara –penso– diante do cadaleito do poeta, en San Domingos de Bonaval, e que me fixo tremer. Un soneto que aparece na carpeta-homenaxe que formará parte da que será a Fundación Uxío Novoneyra en Parada do Courel e que, ao lelo de novo, me fixo tremer unha vez máis.

Trátase do soneto titulado 'Boceto *a la gouache* para un retrato do poeta Uxío Novoneyra'. Unha peza poética de denso sabor clásico que comeza: "As neves coureliás na fronte alzada / a ollada tensa, envisa e soñadora, / en ritmo a voz, pausada e labradora / coa patria na palabra recreada". E segue, no seu segundo cuarteto, dicindo: "No aire un ecoar da serra imaxinada / nome a nome sentida aló noutrora, / todo o mundo que ama e rememora / en íntima vivencia apaixoada ". Define de seguido Salvador, no primeiro terceto, a teima de Uxío pola fala, cando di: "A esencia no dicir de cada cousa, / os eidos na raíz do ser inxel / e a terra toda enchéndolle a memoria." Para rematar no máis alto dicindo: "Un vello soñador que non apousa, / velaí o Novoneyra do Courel / que fixo máis fermosa a nosa historia".

2. A moi pulcra, moi coidada e moi traballada edición que Luis Cochón fai dos pregóns de Uxío Novoneyra con ocasión case sempre dos seus recitais por Galicia adiante. ¿Poética política ou política poética?, como di o propio Luis. Un libro que publica o Instituto Ramón Piñeiro con este fermosísimo título (toda unha recuperación estilística por parte de Cochón e da súa filla Iris, dos dous en colaboración): *A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*. Libro que significa o descubrimento de Uxío Novoneyra como "prosista de fuste", tal e como di nalgún momento o profesor do Instituto Rosalía de Castro. Pero, ademais, constatación rechamante do traballo permanente de Uxío como axitador de conciencias e como defensor constante da lingua, da fala, da patria e da terra. Un poeta para un pobo.

E, tamén de Luis Cochón, unha lindísima *escolma poética* titulada *Esta coor de soidá…*, que edita Follas Novas e que, en papel *vergé* e resaltado, leva en portada unha *gravure* preciosísima de Virxilio.



3. Un poema de Xosé Luis Méndez Ferrín. Un poema de 1999. Poema fondamente sentido. Poema para declamar máis que para ler. Poema desbordante de intimidades, de lembranzas como lóstregos. Entresaco versos, un a un: "Mozo grande gastaba americana… Antes ben, chaqueta de punto fino, censenta…E mais aquel sorriso que alumea…Mozo Grande doíase da arca do peito… Coñecín Mozo Grande cando eramos de pedra e lume / tán enxel, Mozo Grande… Nunca escribín un verso sen pavor do seu xuizo… A chaqueta de punto/ esa arca do peito, Mozo Grande". Un poema que Ferrín escribe en Vilanova dos Infantes. Un poema escrito na casa, da casa e para a casa. O poema dun emblema da patria.

E **4.** Un libro. O libro de Antón Lopo. Unha ficción autobiográfica que é un primor literario, poético, histórico e narrativo. Unha novela realista no mellor sentido da palabra. Un libro pensado para reconstruír unha vida. Un libro que comeza en Compostela, nos últimos días de Uxío Novoneyra e remata no Courel dos tesos cumes con Uxío neno collidiño da man da súa nai, camiñando pola serra. *A distancia do lobo*. Un libro escrito ao remonte, como soben as troitas do río Lor. Unha viaxe fantástica atravesando a alma de Uxío. Un percorrido polos soños teimosos outra volta. Un libro delicadisimamente lírico, pero tamén explosivamente crítico. Un libro de culto para un poeta de culto.

Catro cantos da casa de Uxío Novoneyra no Courel…



Sangue alleo

Fran Alonso

Cada libro que un escribe é un universo enteiro. Cada libro supón un esforzo singular e, sen dúbida, unha aprendizaxe singular.

A de Uxío Novoneyra é a terceira biografía que escribo. A primeira foi a de María Mariño. A segunda, moi distinta e apoiada exclusivamente en conversas coa protagonista, a da Señora Carmen (a cantante de Malvela que sacou un disco en solitario aos 81 anos). E a terceira, a de Uxío Novoneyra. As tres foron moi diferentes entre si e requiriron enfoques tamén diferentes.

Teño unha certeza: se eu non escribise tres anos atrás a biografía de María Mariño nunca me tería animado agora a escribir a de Uxío Novoneyra. Con María Mariño rompín as dificultades que supuña enfrontarme a unha biografía e atopar unha metodoloxía de traballo. Significou a primeira gran inmersión literaria na xeografía do Courel, a mesma na que tiven que volver mergullarme coa biografía de Novoneyra. Pero esta vez resultoume máis doado; o traballo de campo estaba feito.

Agora, paréceme revelador verme a min mesmo na exploración reiterada dun xénero que nuncan tería pensado abordar hai catro ou cinco anos.

Escribir unha biografía é acatar un rexistro diferente. Supón unha viaxe interior a unha vida allea; unha viaxe que te transporta a un punto de vista que non che pertence e que non debes alterar; a un contexto diferente; a unha perspectiva allea. E ese é un exercicio de humildade que te fai máis humano, máis comprensivo, máis capaz. Por iso descubrín que as biografías tamén cumpren unha excelente función para o escritor: fan que un saia fóra de si mesmo, do seu ensimesmamento íntimo, para ver cos ollos doutra persoa, sen que a ficción poida deturpalos. A persoa sobre a que fas a biografía –neste caso Uxío Novoneyra– parece que cambia: ante ti, non é a mesma antes de comezar o traballo que logo de rematado. Ese milagre que che permite sentir nos propios pulsos o sangue alleo é sumamente enriquecedor; fai o teu propio sangue máis híbrido, máis mestizo, máis fluído. Con Novoneyra descubrín un xeito, para min estraño, de sentir a poesía. E penetrei nun tempo difícil, que non vivín pero toquei cos dedos na miña expedición biográfica. E mentres escribía, a sensación era tan forte que mesmo me acudían á cabeza continuas ideas para novos libros. É coma se Novoneyra me dese unha segunda vida.

Un ano máis os galegos enchémonos de ledicia para conmemorar as nosas letras

Concello de
Coristanco

CONCELLO DE ROIS

O acalde e a Corporación alentan a tódolos veciños para que contribúan a revitaliza-la nosa lingua

Día das Letras Galegas
Uxío Novoneyra

Poemas-Lóstrego

Antón Patiño

coar da imaxe dialéctica. Cómpre achegarse aos poemas de Novoneyra dun xeito sinxelo: imaxinemos un rapaz fronte ás montañas a agardar o eco. Que neno da aldea non fixo ese xogo? Lanzar algún berro ao ar aberto ata agardar a resposta logo, outravolta, recorrente, rítmica, misteriosa… para logo desaparecer polo mainiño. Matinemos nese xogo situándonos no propio chan natal: alá na inmensidade da serra aberta (diante dos altos montes do Courel). A forza da palabra, a verba espallada ao vento vai dialogar coa contorna natural. Figura a natureza escoitar a fala, que vai tornar logo desintegrada: diminuíndo aos poucos á intensidade. Ata que chega aos poucos o gran silencio: o "Deus Silencio" do que falou Giorgio de Chirico. A música das palabras vai ter sempre o contrapunto da ausencia (coma silente presenza). A verba regresa transformada. Eses ritmos son os que foi interiorizando paseniñamente aquel rapaz hipersensíbel. Todo ficou nel. Ás veces tardou anos deica botar cara fóra a condensación simbólica daquelas lembranzas. A introspección foi un exercicio cotián do poeta. Foi o seu traballo. Sempre a dar voltas arreo no remuíño dunhas intensas relembranzas: cando baixaba un socalco máis do *maelström-interior* ía atopar un material aínda máis salvaxe e fondamente interiorizado. Para penetrar nos pregamentos primixenios agochados da psique tentou distintos rexistros. Furou na *membrana-memoria*. Estivo alerta: sempre a axexar. A escoitar o rumor profundo das cousas.

Nas conversas, no xeito de falar hai xa unha cadencia que expresa o ecoar das verbas. A música das palabras. A harmonía do pensamento máxico. O pensamento que se mira ao espello e vai desdobrar nunha argumentación dialéctica. Foi quen de establecer unha rara intensidade. Construíu os seus propio *sinais-raiz* escaravellando. Escavando no propio. Escarvando no alén. Cultivou a súa personalidade como unha leira. Día a día. Xornada a xornada: traballou nela con paciencia. Por iso cando nos achegabamos xunta súa sabiamos sentir a emoción do seu ser profundo (peneirado devagar no devalar lene desas horas onde a conciencia non ía esmorecer endexamais). Un exercicio onde a poesía vai deixar un regueiro de imaxes e *frases-talismán*. Sentenzas dende o interior do corpo. Non hai outro camiño: a fervenza creativa. Remexer no caos do máis fondo. O balbordo da paixón. O metódico traballo arreo do que figuraba representar o papel do "gran preguizán" (abulia: chamoulle alguén). Un aristócrata do espírito: iso é o que foi Uxío Novoneyra. A indolencia aparente é un rumor fondo por dentro. Un ser inesquencíbel que fixo da beleza cotiá unha relixión de seu. Coñeceu ben o seu patrimonio sensorial: o mellor herdo que imos recibir sempre. Reparou xa de cativo no eco das palabras. A forza da expresión. A forma da fala. O idioma que nos configura. Somos tempo. Somos espazo. Somos idioma. A fala está a falar a través nosa. O idioma simbólico expresa ese "soño dun soño". Sempre repetido coa teima dun militante da señardade. Melancolía activa como fermento da creación. Sempre cando falaba teimaba no eco da alteridade como proceso. Dicía: "Comprendes?" (Cunha súa maneira inconfundíbel que abría portas) "Fíxate!" (E imos reparar nese intre nun invisíbel punto magnético como unha xanela descuberta xa para sempre). O interlocutor participaba daquela dunha reinvención do ensoñamento. Asistindo ao rito de ver nacer as palabras por vez primeira. Abraio no ollos: ao escoitar a fala que nace. Facía participar a xente dese fermoso ritual: a reinvención do idioma. A erótica da fala. Os instintos sublimados: a intimidade da voz. A *voz-acougo*. A voz como "ámeto múltiple". Estouran as emocións: asistimos a unha escoita primordial. O grao da voz. A textura das inflexións. Aqueloutrados nun intervalo de susurros. Rumor de límites: nas marxes da expresión. Ao bordo do silencio. Sentimos o abismo do baleiro. O ritmo inefábel coma un segredo.

Soños dialécticos coma os de Walter Benjamin. A *imaxe-eco* de Uxio Novoneyra vai ter correspondencia coa *imaxe dialéctica* de Carl Einsteim e coa *teoría do aura* en Walter Benjamin ["o lonxe no preto"][1] Outros dous soñadores, compañeiros ideolóxicos do poeta. Tamén eles tomaran partido polos derrotados. Por iso Novoneyra convocou unha "Folga xeral contra da Historia". Cara a poñer patas arriba a Historia das mentiras. Revirar o medo en felicidade.

Valumbo na cidade. Recordo unha conversa con Novoneyra na que me falaba da sorpresa que levara en Madrid ao reparar no ritmo tan rápido no camiñar da xente polas rúas. Sempre me falou impresionado da velocidade coa que Reimundo andaba polas rúas madrileñas (malia súa pronunciada coxeira derivada da enfermidade ósea que tivera de pequeno). Eses ritmos enfrontados: o silencio da serra no Courel ao rebumbio do tráfico na gran cidade: fala de dous mundos tan diferentes que ían deixar pegada decisiva na súa obra. Asume os dous mundos: coma dous momentos vitais. Cada un coa súa singularidade propia. Ao ritmo intemporal da montaña enfronta o devalar continxente da axitación urbana no bulebule das présas. "Valumbo" era aqueloutra *verba-talismán* (que expresa ben o dinamismo e o ruído metropolitano). Palabra que lle ía servir de contrasinal con Reimundo naqueles anos.[2] Observa a masa anónima amoreada: repara nos ollos tristeiros da xente no metro para a que pide liberdade. Repara nas cicatrices da desesperanza: a pegada do desamparo gravada na faciana da xente. Esta imaxe de alienación colectiva vai ter o contrapunto da liberdade expansiva da arte, do erotismo, da loita de resistencia política. Neste tempo de bohemia en Madrid mantén contacto

BANDO

Día das Letras Galegas

Todos os 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas. Data que serve para fortalecer e afianzar a nosa memoria histórica como pobo a través do sinal de identidade que nos é máis propio: a lingua. En paralelo, esta conmemoración axúdanos a gabar figuras sobranceiras das nosas letras como é o caso do poeta Uxío Novoneyra, fondamente vinculado a Compostela, que recibe a homenaxe de toda Galicia no presente ano.

Ademais de contribuír a lembrar as obras literarias de mulleres e homes que manifestaron un grande compromiso co noso país e coa nosa cultura, queremos que o día de hoxe sexa unha xornada de reflexión sobre a responsabilidade persoal e colectiva que nos corresponde como cidadáns na defensa do galego na educación e na vida pública. O galego é un piar básico na conservación da nosa identidade pero tamén o é na conformación do noso futuro cunha riqueza definitoria. Galicia sen galego sería menos Galicia.

O Concello de Santiago de Compostela reitera o firme compromiso co noso país, coa nosa cultura e coa nosa lingua, consciente de que nesta tarefa colectiva radica o futuro do noso pobo.

Santiago de Compostela, 17 de maio de 2010

XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO
Alcalde de Santiago de Compostela

deseguido con Reimundo Patiño, debuxando e gravando no seu obradoiro. Longas tertulias nocturnas. Ía chamar a meu curmán Reimundo Patiño: "Dono do caos" (nunha imaxe moi nietzscheana). Nun poema que lle dedica utiliza esa verba que compartían case coma un símbolo ("Valumbo") que vai expresar, se cadra metaforicamente para eles, a idea de rebumbio creativo, vertixe, oscilación. **Don do cáos/ a Reimundo Patiño**/ No bosco entrelazo/ o berro que esnaquiza abre un ámeto múltipre. / Algo afirma e algo hai tamén mui alleo en todo; / sempre xorda distancia e ir levado do valumbo. / [1962][3]

Poemas–lóstrego. Gosto definir os seus escritos máis breves como *poemas-lóstrego*. Apuntamentos de urxencia que tentan apreixar o intre fuxidío (denantes de que poida desaparecer evaporado no río do tempo). Vitalismo expresivo que vai na procura do intre como máxico intervalo da creación. O intre garda o segredo da eternidade. Sabémolo por Gohete e outros: "Detente, oh instante eterno!". O cerne intemporal como corazón inmaterial da imaxe. O instante é a porta do tempo. A xanela da percepción que establece un eixe de simetría que condensa o pasado e o futuro nese máxico momento subitáneo que se cadra ten algo do *jetz-tzeit* de Walter Benjamin [o mítico "tempo-agora"]. O creador solitario illado fronte ao devalar fenoménico. A *memoire involontaire* agroma coma un fito cheo de afecto no océano do tempo. A relembranza que fura na capa do presente cara a cara a amosar o estrato semiesquencido dunha experiencia biográfica. As "iluminacións profanas": se seguimos outra volta ao autor do *Libro dos Pasaxes*. O paseo por Compostela con Ramón Otero Pedrayo ficou gravado (para sempre en Uxío Novoneyra). Podemos imaxinar a escena: Otero Pedrayo coa súa fervenza apaixoada de verbas eruditas (exuberante monumento de palabras). Emocións cultas a reflectir ata o último recuncho da cidade. O máis cativo detalle. A entrada na praza da Quintana xusto cando a *Berenguela* saúda a medianoite. Noite e pedra en Compostela da man de Otero Pedrayo amosando o segredo do románico e mais do barroco. A pedra fermosa traballada arreo polo home e pola choiva.

Ámbito libre: na procura do *lento regreso*. Enerxía e felicidade: cara a expresar en dúas palabras os poemas visuais de Novoneyra. Canto poético coma vertixe. Tempo condensado do "intre". Presente como revelación (onde o instante vibra) deica xuntar as dúas esferas do tempo. O pasado e o futuro, as dúas metades, fusionadas na éxtase do "tempo-agora". O instante imantado da creación fai de símbolo: ponte que mestura esas dúas esferas temporais. Futuro e pasado agroman na constelación do "intre" como encrucillada. Tempo de plenitude: por iso Díaz Castro, tan preto de Novoneyra, cando traduce nun poema propio a verba intre (na versión ao castelán que fai dos *Nimbos*) a define como: "instante supremo".

Mapa sensorial: atento ao latexo do sutil. Paxaros fuxidíos coma un intre. Tempo que foxe. Os paxaros: seres fuxidíos coma un instante (breves relampos no ar) teñen moita importancia na súa poética. O mesmo alento dos seu versos ingrávidos: que han voar logo nunha constelación xestual na páxina (nos expansivos apuntamentos manuscritos). Un esforzo sostido o través de moitas esculcas emocionais para a reconquista dunha mirada primordial.

1. A *imaxe dialéctica* xorde como vaivén. Establece unha tensión inédita onde o real e o simbólico propician procesos complementarios de achegamento e afastamento. Distancia mítica. Vieiros nos que Novoneyra era un experto. A palabra trae un eco dende moi lonxe. Unha voz anónima e intemporal figura por momentos facer acto de presenza. A lingua poética como idioma arcaico ten esa forza expresiva: preto da crisálida do arquetipo. A postular un intervalo alucinatorio. Coma un viaxe nos estratos do tempo. A *imaxe-tempo* estala: nun proceso ambivalente de regresión e reverberación. Abre o tempo: fura na conciencia. Por iso ten tanta forza. Temos que considerar que o pensamenmto poético do autor establece unha ponte simbólica: a través do aforismo (expresión central en Novoneyra). O aforismo é o eixe da poética de Uxío Novoneyra (porque apreixa o intre na súa fulguración dialéctica). O escintileo do aforismo brilla así mesmo como a escrita máis decisiva no pensamento da modernidade. Toda percepción non é máis ca un fragmento psíquico, un anaco da memoria que entra en contacto co real nunha fluída expansión. Xorde aí (nese intre magnético) a imaxe poética como apertura. A fin vai xuntar co comezo. O tempo cíclico do mito acada na imaxe dialéctica unha configuracion plena. Síntese orixinaria. Procedementos estáticos, cara á saída dun mesmo. Rachar a linealidade do tempo administrado. Romper as falsas cronoloxías do poder. Achegarse ao infinito da imaxe como condensación simbólica. A constante tensión dialéctica na que vivía o poeta como método. Lembrando que método, como dicía María Zambrano, quere dicir o bo camiño. Aforismos metódicos: sempre á procura do abraio dialéctico como imaxe total. Breves relampos dialécticos incrustados nos seus poemas. Estalos do pensamento non moi afastados se cadra dos lendarios "Aforismos metódicos"de Carl Einstein (o poeta alemán, innovador crítico e historiador da arte, teórico da arte negra e compañeiro de Durruti na Guerra Civil española).

2. Valumbo é unha palabra con ritmo. Sinala Novoneyra: "a palabra valumbo gustáballe moito a Reimundo Patiño. Que eu tamén lle chamaba valumbo ó **valumbo da cidade**, e faláballe a Patiño, nun dos poemas das *Elexías*, cando di: "e ir levado polo valumbo". O valumbo é o valume tan esaxerado que te arrastra polo valume, non polo peso. Cando ti levas un gran feixe, aínda que sexa lixeiro, lévate o valume, a oscilación do volume. E a palabra valumbo é para dicir iso. A oscilación do volume, dis **valumbo** e xa non precisas dicir oscilación.

3. Unha das imaxes máis impresionante do "malditismo" iconoclasta de Reimundo Patiño ía trazala Novoneyra no escrito que lle fai para a mostra da Galería *Roizara*, no 1971 en Vigo. Define o artista como "punteiro da vangarda". Vai expresar nese texto o recordo dunha acción autodestrutiva de Reimundo Patiño estragando ducias dos seus cadros postos contra a parede de xeito oblicuo e pegándolle golpes cos pés ata esnaquizalos. Unha imaxe dos anos 60 que lle ficou gravada (coa música de fondo seica dos tantáns da Semana Santa). Aconteceu no cativo *atelier* que tiña nunha bufarda na rúa Infantas. Denantes de se trasladare ao mítico semisoto do *Kilombo*, na rúa madrileña da Ilustración, onde tivo o seu taller de pintura e gravado. Alí faría o poeta os seus primeiros experimentos visuais: con debuxos e xilografías. Coidamos que tamén daquela practicou a litografia.
Reimundo Patiño compartía o seu obradoiro con Enrique Ortiz Alonso e nunha etapa anterior co gravador grego Dimitri Papageorgiu.

reunirse es fácil...

en el Palacio de Congresos y Exposiciones de Galicia

El Palacio de Congresos y Exposiciones de Galicia se ha convertido en un punto de referencia nacional e internacional en el sector de la organización.

Con lo último en instalaciones multifuncionales y una privilegiada situación al final del Camino de Santiago, este edificio es la mejor elección para celebrar todo tipo de reuniones en una de las ciudades de mayor tradición cultural y turística de Europa.

Palacio de Congresos y Exposiciones de Galicia
(Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia)

Miguel Ferro Caaveiro
s/n - San Lázaro
15707 Santiago de Compostela
(A Coruña)
ESPAÑA

T: +34 981 519 988
F: +34 981 570 020
info@palaciosantiago.com

Con la colaboración de:

TURGALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO

PALACIO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE GALICIA

Revelación de Uxío Novoneyra
(Unha orquídea na terra da tecnoloxía)

José Luis Gallero

Cara a 1995 chamou por primeira ás portas dun pequeno colectivo editorial madrileño (bautizado premonitoriamente cunha palabra galega: Ardora) o libro capital de Uxío Novoneyra. Quen leron aquela primeira versión castelá de *Os eidos* constataron o seu valor literario, ata o seu interese antropolóxico, pero tamén a necesidade de madurar a tradución duns poemas que desafían como poucos a súa transferencia a outra lingua. O encontro definitivo con Novoneyra demorouse quince anos, ata o outono de 2009, en vésperas de que lle fose dedicado o Día das Letras Galegas. Así pois, para os seus primeiros editores en castelán, o descubrimento de *Os eidos* foi á vez tan lento como o propio traballo do poeta e tan súpeto como o xiro dun reloxo de area. Esta paradoxal revelación engloba polo menos tres aspectos. O primeiro deles refírese á circunstancia de descubrir nunha obra apenas presentida un territorio espiritual e unha sensibilidade verbal inesperadamente afíns. Trátase, por suposto, da xenuína impresión que todo precursor provoca nos seus herdeiros directos.

Podería equipararse á visión da realidade inmediata que Uxío lles transmite ós seus lectores de hoxe con "unha orquídea na terra da tecnoloxía", para empregar a fermosa expresión de Walter Benjamin. Esa extrema rareza converte *Os eidos* nun dos textos que mellor permite comprender ata que punto a tradución, a pesar de ser unha arte finita, constitúe en realidade unha tarefa infinita. Entramos así no segundo aspecto da revelación. Como traducir unha escritura cuxa esencia radica en levar a linguaxe ata o límite? Elva Rei resume a súa experiencia como tradutora de Novoneyra por medio dunha imaxe tan crúa como fiel: traducir poesía non é outra cousa que cociñar un peixe vivo. Un único consolo cabe ós obreiros dese oficio imposible: canto maior sexa o número de dúbidas que xurdan ó seu paso, máis arriscado e fecundo será o experimento. Se como afirma Robert Frost, "poesía é todo aquilo que se perde na tradución", estamos obrigados a compensar esa

xullo - setembro 2010

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
VICERREITORÍA DE CULTURA

CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CAMPUS DE LUGO
CAMPUS DE VERÁN DE MUROS · CAMPUS DE VERÁN DE SARRIA
GUITIRIZ · VILAGARCÍA DE AROUSA · CALDAS DE REIS · CASTRO DE REI · FOZ · FORCAREI
LALÍN · MONFORTE DE LEMOS · ORDES · PONTEDEUME · RIBADEO · TRIACASTELA

UNIVERSIDADE DE VERÁN 2010

DEREITO E SAÚDE · FINANCIAMENTO LOCAL · MEDIOAMBIENTE EN GALICIA · TEXTOS LATEX · TURISMO EN GALICIA · VIDA COTIÁ · COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO · INTELIXENCIA ARTIFICIAL · RELIXIÓNS MONOTEÍSTAS · INDICADORES DE XÉNERO · CONTRA A FAME · SERVIZOS SANITARIOS · REDEFININDO A PRIVACIDADE · ALIMENTOS E MEDICAMENTOS · INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS · MONITORIZACIÓN DE HÁBITATS · ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN · VIOLENCIA DE XÉNERO · PESCA INDUSTRIAL · MEDIACIÓN LINGÜÍSTICA · PRODUTOS TURÍSTICOS · DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO · CAMIÑO E NATUREZA · CAMIÑO E COMUNICACIÓN · PAISAXES NATURAIS · XESTIÓN DA AUGA · ECONOMÍA ECOLÓXICA · MEDIACIÓN FAMILIAR · INMIGRACIÓN · AGROECOSISTEMAS · EDUCACIÓN E IDADE DE PRATA · AGROECOLOXÍA · ESCOLA PARA A IGUALDADE · ÁREAS IRRIGADAS · XESTIÓN DE RESIDUOS · NOVOS MODELOS FAMILIARES · MONTAÑA LUGUESA

Cursos, condicións de matrícula, aloxamento e máis información en: www.usc.es/cultura

insuficiencia coa aprendizaxe do intraducible. "*As palabras deste libro son verdade nas terras altas e soas do Courel. Nelas, para danar as cosas só as nomeo ou as deixo ir no seu movemento afeito e natural*". Nada sintetiza mellor a poética de Novoneyra que a secuencia dun longo peregrinar por altos e solitarios camiños en pos da núa e dorida beleza do mundo. ¿Como trasladar a outro contexto lingüístico, a outra dimensión oral, a outra realidade climatolóxica e xeográfica esa tensa atención, ao mesmo tempo salvaxe e delicada, que o poeta presta ao seu hábitat e lingua natais?

Desembocamos así nun terceiro aspecto da revelación. Por un estraño capricho da linguaxe, *eidos*, ese vocábulo galego tan difícil de transportar a outro idioma, presenta a mesma grafía que a transcrición ó castelán dun termo grego non menos fuxidío: *eidos* (idea), emparentado etimoloxicamente co verbo *eidai* (ver). Non se nos antolla algo máis que casual este paralelismo, tendo en conta a sincronía que nas páxinas de *Os eidos* manteñen a idea e a vista, o pensar e o pasear, a iluminación interior e a luz da intemperie? O mirado e o meditado, o evidente e o abstracto percorren xuntos a senda do coñecemento poético ata o limiar desa "hora en que todo é unha soa cousa", subliña Novoneyra, ese instante sen tempo que condensa o traballo de toda unha vida. "A vista do entendemento empeza a ver agudamente cando a dos ollos comeza a perder a súa forza", advirte Platón no *Banquete*; e no *Parménides*, abunda: "Coñecer o verdadeiro é unha tarefa interminable". Así o entendeu Cervantes: "Has de pór os ollos en quen es, procurando coñecerte a ti mesmo, que é o máis difícil coñecemento que poida imaxinarse". Difícil, ante todo, porque pretende fixar unha perspectiva da realidade, da natureza das cousas, esquecendo precisamente que a inestabilidade é a súa condición decisiva. Coñecer e poetizar son a mesma aventura; idénticas as súas ferramentas: a imaxe, a idea, a palabra prendada por igual do fluínte (o río, a choiva, a fonte) e do inmóbil (o brión, a rocha, o carreiro). "Mirar aberto que abre / e tantea o coto do insalvable!", lemos no *Libro do Courel*. Se unha mirada aberta é o único medio de que dispomos para tentear o insalvable, o único modo, en definitiva, de enfrontarnos á morte, sobran no abecedario do poeta todas aquelas "palabras que non son palabra / que só son palabras".

"O que vemos non é o que vemos, senón o que somos", anota Pessoa no *Livro do desassossego*. "Eu mirando o lume / e o lume mirándome. / O lume sen queimarme / fai de min fume", escribe Novoneyra en *Os eidos*, ese libro do acougo. Con suma nitidez capta o noso poeta o fume cristalino do ser en "a mañá limpa como o ollo do galo", en "o ollo da lumbre que xunta nunha as miradas". E faino a través dun mirar tan plenario que alcanza a congregar, como sinala Rilke na súa IV *Elexía*, "todo o que continuamente escindimos mentres estamos aquí".

Financiación hasta 60 meses con el 25% de entrada. Ahora, con un 0% TAE.

El Nuevo Mazda3 destaca por su diseño contundente y provocador, por su conducción precisa y deportiva, por su completo equipamiento, y ahora también porque puedes conseguirlo con un 0% de interés.

NUEVOMAZDA3.COM - 902 345 456

Financiación para todas las versiones de Mazda3. **No compatible con otros descuentos ni con el Plan 2000E.** Plazo: hasta 60 meses. Entrada mínima: 25%. Intereses y comisiones subvencionados por Mazda Automóviles España S. A. Ofertas válidas hasta 31/04/2010 en Península y Baleares. Financiación ofrecida por Santander Consumer, Establecimiento Financiero de Crédito S.A. R.B.E. Núm. 4428/09. Garantía original: 3 años o 100.000 km. Todos nuestros vehículos cuentan con asistencia Mazda durante su periodo de garantía. Consumo ponderado: entre 4,5 y 7,6 l/km. Emisiones CO_2: entre 119 y 175 g/Km.

SPORTAUTO SANTIAGO, S.L.
C/ Faraday, 1 • Polígono del Tambre • 15890 SANTIAGO
Tel. 981 552 392 • Fax: 981 577 181 • santiagoventas@sportauto.es

Os mellores desexos no Día das letras galegas

Castrosua carsa

En colaboración con: Solidariedade Galega

Palabra da serra-contrabaixo-voz

Maite Dono

O pulo para este traballo naceu hai dez anos. Hai dez anos coñecín a Uxío Novoneyra. Citámonos no Auditorio de Galicia por primeira, segunda, e quizais terceira vez? A miña memoria cambalea ás veces aínda que sexan momentos cruciais. Podería dicir moitas cousas, mais só direi que me roubou, que naqueles dous ou tres encontros se formou o xermolo deste traballo. Uxío afagoume co seu desexo de que xuntase a súa poesía e a miña música. Eu, que daquela andaba para sacar *O Mar Vertical*, deixeille dito que o meu seguinte emprazamento musical sería ese.

No 2008, da mao de Pedro J. Miguel e Ana Santos, chegou a proposta de participar no LILEC (Festival del Libro y la Lectura de Almería) dedicado ás letras galegas. Baldo Martínez, o contrabaixista de Jazz, e eu, que levabamos traballando xuntos dende o 2000, falamos de facer algunha colaboración arriscada a dúo. Ocorréuseme dicirlle que esa proposta de Ana e Pedro podía ser o punto de partida e aceptou. Neste caso a data do 17 de maio do 2008 foi decisiva para modelar o noso proxecto base.

Dos nove temas que compoñen este disco, *Sons-nús*, catro teñen letra de Uxío: *Hein d'ir, Cumes Mouros, Chove* e Calafriu. Os demais son xogos sonoros embebidos de paisaxe, paisaxe-serra, paisaxe de dentro, emocións…

HEIN d'ir escollino porque me parece o primeiro exemplo de *aguantar dos nomes*, de loanza, de roda de ar que só se move se nós pronunciamos. Entendo que se dicimos eses nomes axudamos a que non morran, axudamos a renovar o seu eco. Fique pois a miña pequena pegada no ar: *HEIN d'ir ó Pía Páxaro i a Boca do Faro / deitarme na Campa da Lucenza nun claro*. Como un só home vai do particular ao xeral, transcende os marcos dende un pequeno punto no universo coa forza da súa palabra, marabíllame.

Este tema ten a particularidade de que na parte improvisada, naceume facerlle un aceno cómplice coa imitación da súa voz inimitable. Cousas curiosas que teñen as improvisacións.

CUMES Mouros elixino porque me parece que sen coñecer nada da obra nin onde se sitúa xeograficamente a serra amada polo poeta, un dáse unha idea de ton, de lugar: *CUMES mouros das aigas! / Montes do sol i a auga! / Serras! / Terras solas ó sol i as nebras! Coido que estes versos finais, o berro de Serras!* é do máis emocionante que podo cantar. *Serras!* quere levar implícito o amor do poeta polo seu lugar. Visualizo, cando canto, unha cálida abstracción dese amor. Non fai falla dicir canto me seduce a intensidade, condición inmanente dos poetas.

CHOVE foi o fermoso poema escollido polo Alberto Augusto Miranda, compositor e poeta portugués, despois de pedirlle que fixese unha canción dun poema d´ *Os Eidos*: *CHOVE pausiño pras sombras / chove pra baixo e pra riba*. Delicada simbiose entre letra e música. Traballámolo para facelo noso, para que os nosos arranxos mantivesen ou potenciasen a riqueza do poema e da melodía. Para que soase de verdade o melancólico e repetitivo baqueteo da chuvia e o bafo da ollada detrás do cristal.

E por último *CALAFRIU*. Curioso tema non elixido de antemán. Cunha base rítmica e melódica que Baldo traía para a improvisación, abrín o libro d´ *Os Eidos* en calquera páxina e comecei: *IBA ca alba calada / sin pararme con nada*, e adaptouse de pleno. Consciente azar.

Traballo de emoción e análise pero sobre todo de emoción, con Uxío non pode ser doutro xeito. Traballo trevo: *Uxío-Baldo-Eu, Palabra da Serra-Contrabaixo-Voz. Sons-Nús*. Que supuxo para min? Coido queda claro até aquí. E por non caer niso tan fácil cada vez que falo del, direi simplemente que a súa palabra-persoa alimenta e define en todos os tempos o silencio. Axúdame a soportar a vida, a precisar cantala.

Atopamos o momento da xuntanza, da dedicatoria despois de dez anos. E persoalmente, quero crer que os mortos son como as palabras que se *aguantan* entre nós se nós os pronunciamos.

Queda dito pois por todos, por nós, por min. E así Uxío, está.

A observación en reserva
de Uxío Novoneyra

Xosé Lois García

Indo a poética de Uxío Novoneyra e outros textos da súa autoría, en varios apelos e incursións, talvez, un non chegue a esmiuzar varios de seus símbolos que se interiorizan no celme da palabra creadora e nunca apousentada nun enxeño artificioso. A medida exacta que atopamos nunha primeira lectura na obra de Novoneyra quizais sexa o insólito desa chamada de atención que fai sobre os obxectos tratados. Pode que esa chamada de atención nos suxira, dunha maneira codificábel, a interiorización dos obxectos. Á medida que comprendamos verticalidade e horizontalidade, como aspectos dinámicos na súa poesía, estaremos admitindo certa comprensión no obxecto dixerido polo pensamento de Novoneyra. Mais isto non basta para comprender o zigzagueo das palabras, para decidir conceptos e procesos das cousas tratadas, elas mesmas delatan o vital e o trance da propia existencialidade do poeta.

Un pode comprender os declives e as euforias do poeta por medio de versos tan verticais e rotundos como estes: "Tempo que encorga/ onde ún afonda e non afoga!/" Ou a horizontalidade do seguinte: "Os ollos tein/ unha ollada longa sin ida nin volta..." Alén destes delicados versos que nos levan a admitir unha primeira comprensión sobre o talante que ten o poeta en revelarnos as súas persuasións, estaremos próximos á idea central dese acto primordial con que o poeta lles deu corpo a estas composicións. Hai, por contado, suxestións que nos levan a esa forma simbólica cuxa esencia non se dilúe nin desconfigura, non só polo que sustenta a estrutura do poema senón polo fundamento da idea que a dotou seu creador.

Mais o zigzagueo que se observa en certos cruzamentos de ideas con que Novoneyra fortificou a composición, non evita que se esclareza todo o sentido empírico que nos poida servir para instalarnos na palabra, non para discutir o que poeta observou e fixo significar toda esa forza interior do que captou co seu sentido auditivo. Como se mostra neste poema para moitos comprendido mais non dunha maneira metafísica: "CANTA a fontiña/ canta a fontela/ i anque a canción é dela/ ten unha cousa miña/ pola que podo comprendela". Nestes versos, fica aberto o debate sobre a linguaxe telúrica que ten seu portento neses espazos diversificados do Courel: territorio imprescindíbel para transcender nesa emisión de mensaxes e imaxes que emite o conxunto natural courelao, recollido con tanta puntualidade Uxío Novoneyra.

A mensaxe da natureza, coa que se emancipou o noso poeta, concrétase nestes versos: "DENDE nino pequeno/ voun ver sempre o ríu que ameteu/ que me fai ise aceno/ que sein eu". Esa intercomunicación entre o poeta e seu espazo, proclama e manifesta o seu valor, non só de adhesión, senón tamén na relación co demiúrgo cósmico platónico. A materia informe e caótica na sensibilidade de Uxío Novoneyra a ser interpretada no encantamento insólito destes versos: "Eu sein o que oio/ no souto soio/ e non sein/ o que sein."

Noutro horizonte ben diferente ao de Uxío Novoneyra, ateigado de dúbidas, Sócrates manifestou reveladora intuición: "Eu só sei que non sei nada e quédame moito por saber". Non se trata dunha frase irónica ou demasiado idealizada, tanto para Sócrates como para Novoneyra. A aprendizaxe, a vontade e a paciencia de observar os seus microcosmos estaba fundamentado no coñecemento e na linguaxe das cousas que os rodearon. Entón o coñecemento empírico resoltamente manifestado na poesía de Novoneyra, merece a pena analizalo de preto para comprender toda esa dimensión inescusábel que atopamos nestes seus versos que proclaman esta obviedade: "Eilí onde o ollar vai e ven un xeito/ hai algo certo./ Ben o soupo de nino o ollar primeiro"./// E inda ha volver teimar a teima./ Por onde me veo esta certeza/ heina volver perder e volver éla".

Revisitando a obra poética de Uxío Novoneyra, teño intensificado varios temas tanto en prolongadas lecturas como dialogando co dialogado por el, con respecto ó seu medio, quizais descubrín aspectos novos como pode ser a reminiscencia da nosa tradición poética xograresca, vencellada a espírito novoneyreano e particularizando extremos que se refuxian no verso. A metáfora e o símbolo graduados en equivalencias ben individualizadas e converxendo en todo o que foi observado e depurado nunha matización diferenciadora.

Noutros textos da súa obra puntualízase a creación literaria como afirmación do que se observa e pescuda. Na súa escrita, pensada e tratada con cada unha das parcelas e dos parámetros que se relacionan coa súa pesquisa, podemos descubrir esa discursiva nos ensaios sobre a lingua, a nación, as aventuras políticas degradando o panorama galego.

Nesta dimensión podemos descubrir ese estilo de crítica á que non estamos moi habituados a percibila ou a entendela nos días que corren. Ou tamén a que nola digan en varios foros da vida pública.

As carencias dunha crítica útil, ten hoxe no noso país un espectro confuso que amaga moi indiscretas realidades. A crítica que fixo Uxío Novoneyra confirma ese renovo continuo do que se ten que dicir; da renuncia que se ten que facer ante instigacións maquiavélicas que suplantan conciencia sobre o debate colectivo que atinxe, exclusivamente, a problemáticas ben diversas e definidas que soportamos os galegos.

A experiencia de descubrir e reincidir nese discurso tan puntual como o que Uxío Novoneyra nos ofrece, sobre o problema da lingua que o trío do xuntoiro, Feijóo-Vázquez-Lorenzo, tratan de liquidar. Novoneyra advertiu do perigo que corre o idioma galego, por vontade dos manipuladores, escurantistas e depredadores que tratan de liquidar a nosa personalidade identitaria. A identidade da nación e do idioma ten na definición "Patria-Lingua", sustentada por Novoneyra, a proclamación máis harmónica con que se define a nosa identidade nacional. Ó ler toda esa discursiva, estamos apreciando a vitalidade patriótica dun home que non sucumbiu fronte a outro discurso tenebroso que é o que o españolismo está expoñendo e acentuando escurantismo; atenuando a gravidade dun problema que existe.

En todos eses esquemas e valores o discurso de Novoneyra é explícito e puntual sobre a diversificada problemática que temos que solventar.

Reler, revisitar e reencontrarse co seu legado literario, non é reinventalo, a súa obra e os seus matices non permiten tal perversión.

O tempo e o espazo que lle tocou vivir a Uxío Novoneyra, marcan esa dimensión de descuberta, de renovados diálogos que hai que manter co autor e súa obra.

Concello de **Rianxo**

Día das Letras Galegas

Uxío Novoneyra

O Concello e a Corporación saúdan e felicitan a todos aqueles que falan a nosa propia lingua

Día das Letras Galegas

O Concello e a Corporación saúdan e felicitan a todos aqueles que falan a nosa propia lingua

Uxío Novoneyra



Concello de Viana do Bolo

Escolma-ocos

Arturo Casas

facer unha antoloxía pode parecer, por comprometida, tarefa paralizante. Ignoro se máis aínda cando se trata de obra propia, carezo da experiencia. Paralizante porque o normal é determinar un criterio e con el cruzar logo —decididos— algo que nin moito menos está na liña dunha frecha, que nin sequera está nun plano a dúas dimensións. Que está nun espazo máis que bidimensional. Isto sábese.

Aparecen reservas, dúbidas, vendo e apalpando o volume, a esfera toda dunha obra desde dentro e desde fóra. O criterio do antólogo acaba sendo intuitivo e reconfigurador. Ten algo daquel círculo hermenéutico da comprensión: entramos a comprender e rotamos na lectura dos textos parciais e no coñecemento como nun carrusel. Damos voltas e cada vez que fixamos a vista nun recanto vemos outra cousa diferente porque hai un regreso orbital, un axuste de distancias desde a totalidade, tamén unha vertixe. Sabemos máis a medida que xiramos como astronautas arredor dos textos e dos seus mundos. Entón, comprender alivia. Mais tamén atorda.

Unha maioría do público lector asimila as antoloxías a compilacións-do-mellor, sen entrar a cuestionar que esa avaliación da calidade é a día de hoxe inservíbel para calquera persoa sensata. Unha antoloxía é un relato, unha narrativa do carrusel hermenéutico no que un día se entrou, talvez sen querer, sen vontade de entrar. Pero sobre todo é unha decisión sobre ocos. Os menos decisivos que queden; si, os menos decisivos no seu quedar-aí-como-ocos, por dicilo en alemán. As pezas que se poden retirar sen que iso signifique que todo se veña abaixo. Como nos xogos da construción dos cativos. E entón acéptase o resto. Ou ía dicir o reto? (ignoro se houbo gralla, se eu a quixen). Ás veces hai que preguntar a Houston, a unha amiga: oe, teño un problema, non estou certo desta decisión, son moitas voltas. E fica o resto: a antoloxía.

Novoneyra seguramente pensou moi numerosos poemas, toda unha cosmogonía en escala variábel. Textos tecidos —e idos— en nubes e bosques, tamén en regos, vereas, rúas. En todo canto flúe (os bosques flúen, xaora; os parques pode que non). Pensaría moitos máis poemas debruzado sobre o tempo dos que acabaron transcritos e publicados. Estes son escasos se un se detén a considerar o que puido ser a produción literaria dun home que finou con case setenta anos de vida.

Construíndo o relato que é a antoloxía proposta por min, publicada por Galaxia no mes de marzo pasado, dou en preguntarme isto: en que modifiquei a percepción propia da obra de Novoneyra tras esa encomenda? A percepción que tiña antes de escribir o limiar e organizar a escolma que agora anda nas montras das librarías.

Ese non fora o primeiro encontro co poeta. Hai uns anos, ao preparar a *Antoloxía consultada*

VIETNAM CANTO



A bomba bom
a bomba bon amigo...

da poesía galega posterior a 1975, na que figura Novoneyra, tivera ocasión de reflexionar a fondo sobre a súa obra. Tamén a finais dos anos 90, cando colaborei nun dicionario de escritores que non foi adiante. Entre as entradas que me adxudicaron entón figuraba a do autor d'*Os eidos*. Integrei parte daqueles materiais no estudo de presentación da antoloxía. A captación persoal do poeta asociábaa a tres referencias moi plásticas: unha era unha fiestra, outra era unha enorme representación imaxinaria de Asorey e a terceira era Ión, o rapsodo.

A fiestra era a da casa patrucial en Parada de Moreda. A representación granítica viña sen dúbida da miña infancia: a conmemoración por Asorey de Curros e o seu mundo, nos xardíns da Coruña, mordendo os conos dos barquillos. Ión pola capacidade de interpretar o dicidor Novoneyra toda unha tradición que vén do Medioevo ou antes, que vén dun sempre oracular. Daquela, reafirmo, había tres puntos de axuste na ideación feita: ollar o tempo xeolóxico desde unha ventá verde, posuír a consistencia e a memoria da rocha feita forma e, en fin, o canto, o canto nalgún sentido posuído, sendo e estando posuído, magnetizado no continuum histórico da estirpe a saberse, a dicirse.

Que cambiou, pregunta Lopo? Algo mudou, si. Nada do anterior se desdebuxa, pero si que se matiza. Onde estaba a fiestra contemplo agora unha fiestra e un camiño. Onde estaba esculpida a rocha vexo agora a rocha e o mar dos ártabros, o mar de Ith —de novo un vieiro. Onde o canto que imantaba vontade e memoria, tamén o esquezo, o silencio, a disolución. Se configuro e toco o libro verde coa antoloxía de Galaxia paro o ollar na postura do poeta. Adiviño os valos, calculo a distancia ao lugar que Novoneyra mira con mirar labrego. Un eido? Un corgo? Os arrodeos da luz sobre un souto?

Pregúntome se o paso de antes a agora é o dunha afirmación da presenza a unha constatación da deleiba. Pregúntomo como lector e proxéctoo sobre a xeira do autor que facía obra manuscrita sobre a nube que pasa e a memoria de todos.

Día das Letras Galegas

Uxío Novoneyra

Desexamos que tódolos galegos celebren o día 17 de maio potenciando a nosa lingua

O alcalde alenta a tódolos veciños para que contribúan a revitaliza-la nosa propia lingua

Concello de **Val do Dubra**

Concello de **Santiso**

O alcalde e a Corporación alentan a tódolos veciños para que contribúan a revitaliza-la nosa lingua

Concello de **Teo**

Pechamos as portas

Branca Novoneyra

Moitos proxectos naceron sobre Novoneyra neste 2010. Ano de celebración, de inundación da alta palabra de Uxío sobre terras de Galicia. Só uns poucos meses para reeditar, despois de dez anos de silencio institucional e cultural. Dende hai un ano revisito ese inmenso e único libro que é a súa obra. Descubro o cambio que o tempo opera na miña mirada e ollo emocionada a súa intensa e obsesiva dedicación á poesía."*Á palabra hai que darlle a vida*". E ó fin comprendo cal é o significado de estar secuestrado pola Lingua, secuestrado por Galicia.

Fai poucos días lembraba Herminio Barreiro que hai mortos que tardan en irse. Uxío para Herminio, para min e para outra moita xente está fisicamente entre nós. Polo que este ano foi duro afrontar a responsabilidade de reeditar a súa obra, sabendo que dos poetas só queda a súa palabra. Gardala fielmente é imprescindible, para que non se deteriore e siga na liña teimosa dos soños.

A seguridade de protexer unha obra totalmente rematada –Uxío publicou en vida todo o que quixo– fixo dos inéditos unha necesidade marxinal para contextualizala. Máis celebramos todos os estudos que achegaron novas teses evitando o reducionismo que implicou unha obra como *Os Eidos*. E pechamos o ano con tres fermosas reedicións, unha delas bilingüe galego-castelán, que provocará unha esperada expansión da palabra de Uxío cara a outros espazos. Os poetas teñen que traducirse, aínda non se inventou outra forma mellor para que a palabra viaxe; e así todos perdemos e todos gañamos algo cando viaxamos.

Este foi un ano de moitas preocupacións, de eleccións, de respostas, de traballo constante sobre os textos. Só uns poucos meses para alguén que lle dedicou á palabra poética toda a súa vida. El que entendía os libros como obxectos para amar, para afastar a soidade, para que nos acompañen e nos fortalezan sempre.

Só uns poucos meses para amosar os seus caligramas: a dimensión visual da palabra, que xunto coa escrita e coa oral, foron imprescindibles para construír o seu discurso poético-político. Só uns días para revisitar os seus recitais e discursos sobre a Lingua. A Lingua entendida como única forma de supervivencia do pasado, de supervivencia dos que xa non están.

Meses para separar a súa palabra do poder, do que sempre se arredou, dos que o silenciaron, dos que intentaron descontextualizalo, reducir o seu significado e acalar a súa voz. Pero eles non saben que a palabra dos poetas sempre queda ó fondo, na memoria de todos, na memoria dos pobos. En cada nova edición traballamos coas editoriais que quixeron revisitalo con interese e fidelidade; e cada colaborador, que presentou un proxecto acorde coa súa mirada poética, puido rescatar accións que quedaran sen a súa presenza.

Os seus antigos amigos foron os que máis traballaron este ano, eles foron os que realmente puideron revisitalo, xa que traballaran xuntos dende a total comprensión da palabra poética que Uxío lles explicaba tan didacticamente.

Tamén xurdiron novos proxectos e dende diferentes ámbitos e respectouse a esencia da súa poesía no cómic, no teatro,na música e no audiovisual.

Todos aqueles que non se acercaron a Uxío como valor de produción efémero e quixeron relacionarse intensamente coa súa palabra saíron adiante. Todos os demais quedaron fóra.

Pechamos as portas.

Agardamos que o traballo destes poucos meses posibilite o nacemento de novos lectores que se sintan gardados pola súa alta palabra, que esta os ilumine e os erga no verbo verdadeiro e logo, despois da inundación, chegue a calma e a súa palabra se afunda para sempre na memoria do pobo.

Nunca fun como te amo

Luís Cochón

Paréceme que o elexíaco é un ámbito –non mítico– importante na lírica de Novoneyra. Non sei se o que máis, antes e despois, das *Elexías* propiamente. Hainas xa n'*Os Eidos*, na lamentación pola morte do irmán, aquela pombiña branca que volve en forma de ánima que se fora, ou anos despois, a *labrandeira* que picaba e batía en tódalas ventás da casa grande buscando a nai que xa partira, que produciu a mellor epístola familiar que Ramón Piñeiro teña escrito.

Non hai un *Tempo de elexía* definido ou limitado. O pouso mellor do sentimento do autor é a carencia: o que nos falta. A expresión da caducidade, da perda; o pasar. Ausencia e esquecemento, mesmo a morte como perda derradeira. Non temos que saír d'*Os Eidos*, onde hai moita máis intimidade, efusión que xeoloxía e natura. Máis emoción, necesaria para a intensidade, esencial, para que a palabra *diga*.

A boa elexía que lle chega a Novoneyra –nin sequera a mortuoria– vénlle da poesía alemá: Novalis, Hölderlin, Rilke, esa tríade. Nela a visión elexíaca presenta os seus propios pormenores, nos que pode ser arduo determinar o que é oda, nenia, himno e elexía, sobre todo en Hölderlin, con quen concorda o courelao na fundanza e na fondura.

Elexía da Mitteleuropa ou da cultura grega. Nunca do celtismo nórdico e occidental, por moito que se empeñaran os galegos tradutores de Pokorny que chegan a convencer ao propio Novoneyra. A curuxa que aturula e laia no Courel é a deusa de ollos glaucos, gazos, Palas Atenea, a sabida, capaz de orientarse nas tebras da noite, capaz, ela, de pasar do caos ao cosmos, como helena que é, *glaux–glaukós*, esta curuxa pensante, musa da noite que é o territorio propio da elexía.

En *Tempo de Elexía* [Merlin e familia, Vía Láctea, s.a. Oleiros, A Coruña, 1991] aparece unha sección, *Madrid / noite*, con cinco poemas, engádega a *Elegías del Caurel* (Colección Adonais. *Rialp*. Madrid. 1966). Poemario, este último, bilingüe galego-castelán, que se fai monolingüe galego, no que chamaremos segunda edición corrixida, revisada e engadida. (Por máis que haxa unha terceira edición, do 1998, para acompañar a *Uxío Novoneyra e Os soños de Circe* de Xulio Calviño, Espiral Maior, con algún retoque).

A que acaba de aparecer; *Tempo de Elexía*, Compostela: Alvarellos Editora, 2010, edición bilingüe, ao coido de Elba Rey, que figura tamén nos créditos da tradución ao castelán, ao par do poeta, polo que se desmente a Nota do Editor sobre a autoría da versión castelá, da serie *Madrid / Noite*. A este punto preciso quería chegar, á derradeira edición en vida do poeta, a do 91, "pois foi a última supervisada directamente polo autor e fixada, xa que logo, como definitiva". O primeiro poema da serie, ou sección, *Transformación* que en 1991 aparece así: *Jamais je n'ai été conmme je t'aime / Nunca fuí como te amo*, bilingüe francés-castelán, porque o galego non aparece para nada. Motivo de máis, de toda evidencia de que este poema é un dos poucos (catro ou cinco), redactado directamente en castelán. Sen falar de *Folla de poema*, poema dentro do poema coa introdución dos versos en castelán *A Clara Otero*, do 1951, que pasan de seren dez, do 1966, a só tres nas edicións ulteriores.

Aí queda ese verso mal escrito con este til: "Nunca eu fun como te amo", non "fuí" (agora corrixido, tamén a tradución galega), unha mostra da edición tan desafortunada e incompetente das obras –todas elas– de Novoneyra que semellan intocables respecto ao texto do autor (en páxinas recentes Arturo Casas –verbo da lingua, para non meterse en leas– recibe o asunto "cunha larga cambiada por alto", no símil taurómaco); texto tan movedizo, senón arbitrario, até caer na incuria e no desleixo, irremediables polo que se ve, por máis, que, as menos, estean suficientemente anotadas con achegas do propio poeta. Non é a topografía do Courel o que hai que anotar, senón a biografía interior do poeta, é, como neste caso, a esculca de fontes para profundar no autor. Alonso Montero (a propósito das *Elexías*, "Un exemplar de *Elexías do Caurel*... de Novoneyra con dedicatoria e anotacións do autor", en *Uxío Novoneyra*, Día das letras galegas, 2010, Universidade de Compostela), non é quen de distinguir os poemas feitos en castelán e logo traducidos, dos feitos en galego. Claro que o ínclito profesor non está polo labor de editar cabalmente os textos, impórtanlle máis os paratextos, o que non é poesía, que non é o seu. Tratándose dunha edición bilingüe (que non é o caso deste poema que non figura na edición de Adonais, que é a que comenta X. Alonso Montero, é preciso deslindar o texto principal (o inicial) do texto traducido, e mesmo imprimilo en caracteres diferentes.

Polo que fai a *Nunca eu fun como te amo* Novoneyra non quixo dicir tradución, versión, trasvase, trasfega ou facer noso, ou calquera outra. A palabra transformación, do título, parece levarnos máis alá, a un cambio máis importante que a da mera transliteración. Transformación que puidese vir –semellábame– dun cambio no propio orixinal.

Non dei atopado na poesía francesa da época (circa 1962) ningún verso, acaído ou similar, en cancións do tempo, das que Uxío gustaba. Puiden oír nunha destas: "Jamais je n'aimé comme je t'aime" na órbita difusa dos poemas de amor de Louis Aragon: "Nunca eu te amei como te amo". Andamos preto da tradución, pero lonxe, en cambio, da transformación. Para iso habería que conxecturar algo que explicase o *cambio*: "Je n'aimé" no canto de "je n'ai été".

Esa sería a "transformación", non doada, nun francés no que o poeta se amañaba malamente [no meu exemplar corrixido por man de Uxío tacha como gralla o ene con apóstrofo (n') que é o correcto]. De xeito que *causa finita*. Por máis que a min a solución non acabase de convencerme.

II

Trasformación é palabra favorita de Rilke. Entre as

Elexías de Duino e os *Sonetos a Orfeo* pódense ler máis de vinte mencións. No I dos sonetos aparece *superación* no verso 1, e *transformación* no verso 4, sendo así que, as dúas palabras son tratadas por Rilke como sinónimas. Superación e transformación sempre referidas a 'árbol': "en que ten lugar o paso (o cambio) da escuridade da terra á claridade do aire, da semente ao froito a través da flor".

Pero non hai nada en Rilke que nos achegue a *Nunca eu fun como te amo.* Trátase porén doutra tentativa frustrada.

Foi na contorna do 62 cando Novoneyra máis poesía alemá leu xa de antes. É clave o coñecemento de Hördelin. Nalgunha biografía do poeta suabo, en francés, que non había en español, (*Doce poemas*, trad. de José María Valverde, Madrid, 1949) atopou o courelao o motivo da súa inspiración, non sen voltas e por escuros camiños.

Nunca eu fun como te amo é verso e poema eternamente repetido como unha consigna –*mot d'ordre*– ou brasón das *Elexías*. Nunca cansou de escribilo en tódalas caligrafías, pediulle aos amigos traducións deste verso a tódolos idiomas: mándallo a Valente, a Díaz Castro, os tradutores que tiña máis á man.

Novoneyra fixo súas estas palabras até o fondo do seu ser, encarnounas en si, puras, como se nunca tiveran sido ditas por ninguén, ou se cadra só nacidas, para o poeta, no silencio seminal con arrodeos e desvíos, e outras rotas. O verso procede do redor de Hölderlin. É un verso de amor. "Tes soportado con forza heroica e calada o que non podemos *cambiar* –escríbelle a Susette Gontard– escondida e soterrada en ti a elección que ten feito o teu corazón para a eternidade".

Dende este momento é ela, Susette, a máis alta amada, quen toma a palabra. De agora en diante será ela –Susette ou Diótima– quen fale, e soamente ela: as cartas de Hölderlin (quedan só algúns borradores) perdéronse. Temos 17 ou 18 cartas da súa amada dos anos 1798-1799. Di nunha delas, taxativa: "*Xamais volverán amarte como te amo. / Xamais volverás a amar como me amas*"

Esas son as palabras –como nunha cantiga medieval– saídas de boca de muller, nas que Novoneyra se recoñeceu como súas, entrañadas, vividas. Soamente así as palabras dun poeta poden ser *ditas*.

No que di Diótima, parecen dous versos: mellor, un verso de ida e volta, o que vai e vén, o que en latín clásico era un *versum*, aquí un verso para dúas persoas, dunha a outra, que se aman e ansían oír, cada un, as palabras de amor do outro.

Paréceme ser esta a base poemática, o sentimento mutuo, a reciprocidade, a *transformación*, por medio dunha carta clandestina dun amor contrariado. Transformación de Susette en Diótima e de Hölderlin en Hyperión, o cume máis teso.

Cómo trasladou Novoneyra a confidencia da amada, cándo se produciu esa abrición nun poeta sempre aberto, urxente e inmediato.

Nunca eu fun como te amo. Non se pode pensar que se trate dunha cita encuberta (pero tamén). Máis parece unha paráfrase aproximativa, nunca un calco miserable e mendaz, que non hai tal, a menos que consideremos o plaxio ou apropiación, cando se fai de verdade, como unha sutileza retórica máis propia das matemáticas sublimes que tanto contan nas Belas Artes.

Nunca eu fun como te amo. É o resultado nunha plenitude poética, endexamais acadada até agora. Aí temos o pulo inxel, a ofrenda e a gabanza. A celebración. A invocación a tódalas *gratias* do mundo.

O alcalde e a Corporación Municipal deste concello únense e apoian a nosa lingua

Día das Letras Galegas
Uxío Novoneyra

CONCELLO DE SANTA COMBA
TERRA DE XALLAS

Día das Letras Galegas
Uxío Novaneyra

Concello de Mazaricos

O alcalde e a Corporación alentan a tódolos veciños para que contribúan a revitaliza-la nosa lingua

Como en nada grava o tempo no home

Uxío Novoneyra Rei

Como en nada grava o tempo no home". Perto de hoxe, días atrás, andaba eu na noite no salón da casa grande, un souto de Parada, entre o do Pereiro e o de Suahorta, coa mirada deitada nun armario antigo, dos que levan na casa familiar mais que todos nós.

Ficamos moitas veces mirando os armarios, mais case sempre o facemos de fronte.

Ao apoiarme na parede, cansado do día na noite, a diagonal, fíxome ver doutro lado do cristal da súa porta unha parede interior del onde, estrañado, entendín que vía ou había un caligrama.

Abrín ese armario, penso que por vez primeira, co coidado que hai que ter ao tocar certas cousas en certos ámbitos de misterio ou de prestixio antigo, coma no labirinto da miña irma Branca Petra, e non toquei o seu interior, senón que trabei unha caixa de madeira de cincuenta cigarros suízos *Villiguer*, colocada dada a volta, fora do ángulo de visión que se ten desde fóra. Esa parte anterior dicia caligrafado a fluomáster *Os Eidos. 1955. Uxío Novoneyra 1981.*

Ao sentar e abrila tiña perfectamente encaixados dentro dous libros. Un *Os Eidos* do 55 de Galaxia, como a caixa dicía. E tamén un *Tempo de elexía* do 81, de Merlín e familia. Éste puña debuxado nas paxinas de portada *Novoneyra. 1953-1965. Compostela. 31 de Maio. Para Elba*.

Ao sacalos da caixa había mais. As necrolóxicas de meus avós José Novo e Manuela Neira. O i grego de meu pai vén de documentos máis antigos dese mesmo salón. E o documento de identidade do meu avó, labrador de profesión.

Collelos na man deixou expostos *Marinero en la noche* do 1949 de meu case tío Manuel María; unha foto do retrato de meu pai gris do gris Grandío, e un gravado do pintor lugués Blas Lourés en tinta roxa, unha mariscadora dobrada recollendo. Blas sempre termando dos usos e xeitos do noso pobo.

Co libro de Manuel aberto, a dedicatoria dicía *A Novoneyra, poeta e amigo. Maio. Lugo. 1949*. No interior da contraportada unha dirección do Madrid daquela *52 3º Preciados*.

Ao inclinar a caixa, xa case un pequeno bargueño, o que parecía sen fondo branco tornou nun folio antigo ao descolocarse e esvarar. Fora escrito a lapis. A caligrafía é antiga. Nel déixase dito:

Houbo un tempo en que a angustia do horizonte de Galicia era tan grande que compría apegarse a terra que nos sostén, as cousas que non nos enganan, as primeiras olladas da infancia, a aquilo que nos acolle e defende do baleiro da existencia.

A serra.
O val nativo.
A terra e patria única.
Ben conocida a por de levala estampada nún.
Ise foi o tempo distes poemas que mais que compolos en me viñeron dados como si a alma toda dos galegos os tivera feitos i eu so tuvese que transcribilos .

Unha carta. E unha explicación propia. Obxectos. Obxectividade. Estraña lacena esta caixa. Elementos de distintas idades. Perfectamente conservados. *Os eidos* é un libro que os seus portadores abren e releen, un libro de olladas. Pero este está novo. As elexías tamén. Será para non deixar coto na historia dun na mutación da historia feita por outros.

A caixa segue a estar no seu sitio. Fontes primarias…

O alcalde e a Corporación alentan a tódolos veciños para que contribúan a revitaliza-la nosa lingua

Concello de Castroverde

Día das Letras Galegas | **Uxío Novoneyra**

Día das Letras Galegas

Uxío Novoneyra

Concello de **Begonte**

Un ano máis os galegos enchémonos de ledicia para conmemorar as nosas letras

Uxío: Lonxe dos tópicos

Esperanza Mariño Davila

un poeta comprometido tanto a nivel literario como social, non se salientaran o suficiente nin a intencionalidade nin a ideoloxía. Porque a poesía constitúe un alto destino, o máis grande do ser humano en tanto que transmisora do pasado para o futuro. Quitando as primeiras liñas adolescentes, pronto a cuestión lingüística adquire grande importancia: nada menos que a patria-lingua, única forma audible de supervivencia dunha cultura irrepetible.

Nacionalista marxista e radicalmente ateo, aínda que moi respectuoso coas crenzas dos demais, a rebelión contra un deus indiferente e megalómano dedúcese con facilidade dos primeiros escritos: *"... Así era Dios: Amor totalmente enamorado de Sí. Amor quieto de amor sobre Sí, amándose en todo su Sitio por igual. Y así se sentía agusto y seguro, y no miraba a los lados, tan llenos siempre de abismo y de peligro*".

A consagración inmediata e permanente no tempo, de poeta cun fondo sentimento á Terra –el refugaba a palabra "paisaxe" como definidora da poesía de seu–, telúrico, apenas reparou en dous alicerces temáticos fundamentais, presentes desde a ópera prima, *Os eidos* (1955) e mantidos, *grosso modo*, ao longo dos corenta e catro anos de produción literaria. Tales alicerces inciden na profunda unidade da obra, a xeito de contínuum pese ao tempo, temática principal e xénero literario.

Destaca a elexía –acompañada por unha tímida denuncia inicial, para logo a esgrimir abertamente- ante a indiferenza polo esmorecemento do mundo rural, que provoca desenraizamento e perda dunha auténtica forma de vida: "*TERRAS érmedas do Freixeiro! / Montes irados! / Pobos pobres / que se foron / quedando nos ósos!*". E tamén a solidariedade cos demais, exemplificada mediante a dura vida dunha pastora no monte, indefensa ante as inclemencias meteorolóxicas e sempre soa: "*PASTORA que pásala vida / no monte soliña!*".

Outra nota característica que ten pasado case desapercibida vén sendo a importancia do amor como forza inmensa; non en van o courelao é un dos grandes poetas do amor na literatura galega. Xa no segundo poemario, publicado en Madrid e bilingüe, *Elegías del Caurel y otros poemas* (1966) –outra vez a "elexía" polo que se perde–, manifóstanse dúas forzas vitais clásicas e antagónicas: a morte e o amor, ou Tánatos e Eros, sobre as que gravita o sentido da existencia.

O cuarto poemario –por desgraza sen reeditar–, *Muller pra lonxe* (1986), aínda que amose certa preocupación social, é basicamente de contido amoroso: "*¡Oh tú casi una aparecida!/ ¿cómo*

puedes venir tan hondamente que yo siento por primera vez que alguien llega / y que todavía es posible que en algún sitio nazcan flores / aún aquí en la ciudad y en este tiempo?". O amor pode supoñer a redención do individuo contra a vertixe do caos, posto que outorga a plenitude; con todo, aínda rompendo as distancias entre os seres, a eterna pregunta sobre o sentido da vida permanece.

Por outra banda, coma todo o humano, o amor pode resultar caduco e derivar en dor e soidade, de aí o convite a un inusual *carpe diem*: "*Mais inda no pulo do amor / eu sei que só podemos aspirar a un tempo d´intres. / Non lle neguemos nada a esta hora nosa. / Logo volverán os días en que todo se vira. / Sí amiga non temos nada que non se perda doadamente*."

Os orixinais *Poemas caligráficos* (1979) abren paso á faceta oral, visual e caligráfica, nun afán por renovar e universalizar a poesía galega. A poesía de acción (*Action painting*) non aspira a outra cousa que a desvelar o oculto no seo da lingua, nunha nova fusión entre natureza e corpo, onde se pretende captar o intre a través do movemento corporal. Relacionada tamén coa pintura, cómpre non esquecer o Novoneyra polifacético: pintor, xilógrafo –gravador en madeira– e ceramista; para el, a unión íntima entre as diversas artes resulta incuestionable.

A faceta como tradutor tampouco se difundiu abondo. Desde as primeiras traducións ao castelán de María Mariño para unha revista madrileña, ou do castelán ao galego co poemario de Xosé Luís Allué *Cinco pezas para cémbalo* (inédito), do amigo Carlos Oroza, do ítalo e premio Nobel Eugenio Montale e mesmo de Mao Zedong, máis de trinta anos pasaron tamén con esta xeira.

Curiosa resulta a versión do poema *Chang Sha* (1925) deste derradeiro, onde xeografía e fauna desa zona chinesa se asemellan moito á courelá: "*Estou só, en pé, no outono fresco./ Corre ó Norde o río Siang,/ no cabo da illa Laranxeira / a paisaxe en lucenzas toda roxa, / rebolegan tódolos tesos / e tamén o río; / centos de barcos loitan ca corrente. / Pranea a aiga no inmenso ceo / i o peixe a ras d´auga indo e vindo lixeiro. / Baixo do ceo xeado, todo ser vivo busca a libertá*".

Do Novoneyra narrador apenas se coñecen os tres libros infantís publicados e escritos na década dos sesenta: *O cubil do xabarín* (1991), *Gorgorín e Cabezón* (1992) e *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (1998).

Este derradeiro desenvolve a lenda de dona Ildara, señora do castelo medieval de Carbedo, onde unha forte mensaxe social, insólita na literatura infantil, queda patente nas palabras do lobo que, a cambio da liberdade, realiza un xuramento no que recoñece a súa actividade depredadora, semellante en todo á dos ricos: "*Xuro pola Manga Raxada e polos meus antepasados, todos reis da serra, cumprir o prometido. E, se non cumprira, que non viva eu máis, como os poderosos, do traballo e do sufrir alleo*".

Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas (1999), o derradeiro poemario publicado, interesante e complexo, presenta múltiples temas. De entre o máis descoñecido figura a parte final, inserida na tradición trobadoresca, por reflectir cantigas de diversos xéneros (mesmo de escarnio).

Pódese destacar unha belísima cantiga de amigo, de clara simboloxía erótica e ambientada no Courel: "*Á Pena das Augas Brancas / mañá domingo de alba / pordeus amigo que vaias! / E catarémolas augas. / Ó bosque do corzo esguízaro mañá de alba en domingo / pordeus que vaias amigo! / E catarémolas augas / que nacen ó pe da pena / e iremos á Lucenza / a amolegala campa*."

Xunto con *Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes* (1999), ambas obras comparten a denuncia do abandono do mundo labrego, minusvalorado por "rural" e "primitivo" cando foi o creador dunha lingua e cultura singulares.

O segundo remata cun ton convertido nun auténtico clamor, dramático e rotundo, que conecta nun curioso círculo con aquel primixenio d´ *Os eidos*: "*Cando un deles desaparece non desaparece só un individuo desaparecen ó mesmo tempo unha casa unha aldea unha forma de vida que se creu eterna e que foi a base da Lingua. / O despoboamento de zonas que foran de sempre poboadas impón unha responsabilidade que non se pode despachar coa disculpa do signo dos tempos como é práctica habitual dos que mecanicamente a asumen*."

Pero en lugar da indiferenza ou da angustia, o Novoneyra "profético" propón sempre como alternativas a creación –transmisora dunha cultura que esmorece– e mais a acción política solidaria. Fronte á desesperanza, debe permanecer o brillo dos "ollos que ervellan" e mais a superioridade do soño, que pola súa mesma teimosía fará que este se cumpra.

Beleza profunda

Carmen Blanco

Amo a beleza. A beleza da cabeleira. Da cabalería. Dos coches. Dos cumes. Dos cousos. Das cousas todas. Das cores todas. Da noite. Da aurora.

O que descubrín antes e despois...

Acóllome ás palabras do Novoneyra poeta "Amo e esixo a beleza".

Nun tránsito de tempos de inmensas ametencias, neves e ventos, da lúa azul á explosión do volcán baixo o iceberg que paraliza os avións da vida de Europa con chuvia de cinza, vin unha vez máis a beleza da liberdade do galope de cabalería nova do "Agallopa agallopa cabalo novo / atroxa a sebe do pobo / agallopa cabalo alto / ralva todo dun salto / guinda cancelos / torre-penelos", dita "Á nova mocedade" en *Do Courel a Compostela*.

Vin a beleza da alegría da liberdade do amor a toda a inocencia no xogo da vida erguida nos ángulos redondeados das curvas dos cumes das serras no poema de "Don Roldán senta a un neno nun dos xionllos e deixando a perna falsa insínalle a cabalgar". E vexo os catro cumes do "Trota" e as catro vías do "e logo agallopa / e logo agallopa / e logo agallopa / e logo agallopa". Todo en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*.

Vin a beleza da liberdade asturcona auroral dos animais vivos que viven con nós e das máquinas que nos liberan e da vida vivida nos vasos de ouro dos bosques en "A un todoterreno", amado e amada afalados polo poeta: "Asturcón de ferro / tuvéche-la máis xentil auriga e crina / ouro que nin no máis limpo outono viran os soutos. // Seguíche-la rota de carros e cabalos / cando eran pais e abós os últimos labregos / aboas e mais as últimas fiadeiras / que xa esqueceran o ano do último liño" de *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*.

Vin a beleza do pelo da paz que hoxe locen longuísimo á liberdade dos ventos novos homes novísimos e novas mulleres novísimas que manexan máquinas, con dedos biónicos, a velocidade de vertixe, coma quen bebe e vive en paz, nas palabras do antigo cabaleiro poeta que di "Co teu pelo podería tecerse / a única cota de malla / contra das noites agudas" en *Poemas da doada certeza*.

Vin, ouvín, sentín, souben a beleza do flúe flumen do río da liberdade da vida en "Os beizos / a voz o alento / os ollos i o pelo" certos dos *Poemas da doada certeza*.

Vin a libre e leve beleza aberta a todos os tons das cores da vida, vin a rara e extraordinaria beleza das cousas no "Leve azafrán ouro puro e azul claro / e nunca máis valeiro nin curso xordo" dos *Poemas da doada certeza*. E vou na claridade do azul vital, no fulgor fluído da bondade de ouro.

Vin e gustei a beleza que sabe da liberdade do branco verdadeiro da neve que neva e non leva, e do verdadeiro azafrán; do brillo da laranxa; da tenue palidez do tacto da cera nas voltas da vida no "Ir a Santiago de Compostela / non sin antes por Lugo pasar / ou sin logo por Lugo tornar. // Ir co-ela / e vela como era / leve azafrán entre laranxa e cera" dito "A Elba" en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*.

Vin a beleza da lagoa da liberdade das viaxes da vida que avanza en "Do Courel a Lugo. De Lugo ó Courel. De Santiago a Lugo" na ponte en construción e na muralla acueduto de Lugo ao Mundo. A Frouseira non desecada. Que xamais se veu vencida, A Montaña que Todo Mira e É.

Vin a beleza da liberdade do negro e do branco absolutos da palabra grega an-arquía, hoxe, coma sempre, tan necesaria para Grecia e para o Mundo todo e para a paz xusta, e a diversidade multicolor de Lugo hoxe e dos Mundos todos hoxe no galaico "Gris-lugués" e "Gris Grandío" de "Nun chover por siglos todo foise esluíndo".

Vin, vexo e vou na liberdade do baile da cabeleira que vai e vén e volve, vía láctea, Fisterra, París, Courel. Marchando máis alá. Barcos bébedos de vida brindamos. Clemas clamamos. Apropiacións, censuras e funestos funerais fóra. Toda profunda beleza namora.

Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum. Ilustracións: Xurxo Fernández

20 MAIO DO 2010 - NÚMERO 822

rdL REVISTA DAS LETRAS

A tinta no sangue

O primeiro poema que aparece no libro *Dende lonxe* de Xosé Neira Vilas di así:

"Galiza. Por un camiño novo e limpo vou a ti dende lonxe."

Un autobús da empresa Lázara lévame por primeira vez á aldea de Gres, onde o escritor labrego ten a súa fundación, os seus amigos, as súas paisaxes queridas, os seus ríos, os seus libros, os seus contos, as súas poesías...O primeiro poema que aparece no libro *Esta es Cuba, hermano* de Anisia Miranda dicía así:

"Esta es Cuba, Hermano. Hermano blanco. Hermano negro. Hermano indio. Esta es Cuba. Isla que aflora en el Caribe."

A palabra como equipaxe

Lupe Gómez

Cúmprense hoxe os 50 anos dos primeiros libros de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas. Publicar versos por primeira vez é unha forma de atrevemento. Estes dous poemarios saíron do prelo o 20 de maio de 1960. O autobús Lázara leva un condutor que vai conversando cos viaxeiros. A xente que sobe e baixa do autobús fala en galego. Neira Vilas viaxou sempre polo mundo coa equipaxe das palabras.

Hoxe recíbeme na súa casiña –museo–biblioteca e facemos –ou desfacemos– a equipaxe para falar de toda unha vida.

Na foto, Anisia Miranda e Neira Vilas en Bos Aires, no 1955

os vosos primeiros libros, 'Dende lonxe' e 'Esta es Cuba, hermano' hai moita nostalxia. Anisia sente nostalxia de Cuba e ti de Galicia.
Son libros de dous desterrados. Eu cheguei a Bos Aires no ano 49 e no 60, once anos despois de emigrar, escribín eses versos. Anisia chegou a Bos Aires no ano 53. Casamos en febreiro do 57 e creamos a editorial *Follas Novas*, que distribuía o libro galego en toda América. Foi un traballo duro. Fixemos catálogos globais e enviámolos a toda América. Fixemos tres exposicións do libro galego. Eu xa tiña publicados dous ou tres poemas. Os poemas de Anisia eran inéditos. Eses poemas foron saíndo de nós. A poesía sae cando latexa e ao ter a oportunidade de publicar apareceu o tema dos poemas, que era evocativo. Preferimos publicar co noso selo propio. Luis Seoane, dende Europa, deunos ideas para as cubertas.

O primeiro libro, como o primeiro amor, ten un especial encanto.
É como o primeiro fillo que nace, porque supón un atrevemento. Había moita prensa en Buenos Aires e eu publicaba ducias de contos pero non en libros. Eu tiña 31 anos e Anisia tiña 27 anos. Non somos escritores primeirizos. Publicabamos moito na prensa. Anisia traduciu poemas latinoamericanos ao galego, escribía en xornais e publicou en galego a Whalt Whitman. Era o feito de decidirse a publicar algo en galego. Cando Memorias dun neno labrego tivo tanto eco eu pensei que ese era o rumbo que quería escoller. Cando a tinta entra no sangue xa non pode saír. Tiven o estímulo de Seoane e tamén de Rafael Dieste. Eles eran uns mestres e animábannos moito. Seoane ofreceunos publicar estes libros na súa editorial Citania. Os debuxos das cubertas son significativos de Luis.

Como era Luís Seoane? Ti e Anisia fostes moi amigos del e de Maruxa.
Era un pintor de vangarda. Seoane por fóra era áspero e por dentro era de manteiga. Era un home moi sensible. Era o galego máis informado de todo o que pasaba no mundo. Lía dous ou tres libros por día. Estaba informado de todo. Foi un home ao que lle debemos moitas editoriais. Non había forma de distribuír os libros. Nós iamos moito á sua casa. Maruxa cociñaba e cantaba moi ben. Eu traballaba nunha fábrica de madeiras e leváballe táboas a Seoane porque el quería experimentar e gravar en madeira. O que máis lle gustaba era a xilografía. El combinaba a veta da madeira e os trazos. Seoane debuxou a primeira portada de "Memorias dun neno labrego". Ofreceuse el para facer os debuxos. Ilustrou "Historias de emigrantes" e "Cartas a Lelo". Con el tiñamos unha grande afinidade. Seoane publicou moitas cubertas de libros. Creou un estilo persoal na industria gráfica arxentina. Dieste era un home moi sabio. Seoane era o pintor e deseñador gráfico. Era un gran gravador e un gran muralista. Subía aos andamios como se fose albanel e pintaba os murais. Tamén era xornalista.

Como naceu a editorial Follas Novas?
Follas Novas naceu porque Anisia máis eu iamos instalar unha librería que ía atender ela pero desistimos e pensamos en crear Follas Novas na nosa casa, na rúa Asunción 3035, e creamos a editorial. O primeiro era enviar os catálogos a toda América. Aglutinamos mozos e mozas galegas, e mozos americanos de ascendencia galega. Faciamos tertulias os sábados. Liamos un libro ou un poema de Pimentel, de Celso Emilio Ferreiro, e debatiamos cousas sobre Galicia. Para min a poesía é unha inclinación dende moi cedo, dende rapaz. Eu facía exercicios aos 15, 16 anos. Había tradición de entroido no Val do Ulla e eu poñía letra galega a *corrillos* mexicanos que estaban de moda, como os de Jorge Negrete. Os xenerais do Ulla xuntábanse e facían teatro en verso, improvisaban versos. Eu facía ese debate en verso e en galego. A miña avoa cantaba romances en galego. A miña prosa vén da literatura oral, dos contos ao carón do lume. Eu escribía versos con garabullos no chan dos camiños. Escribía moitos versos e tiña oído para a musicalidade. Cando emigro empezo a publicar poesía e prosa.

Ilustracións de Luis Seoane para os libros de Neira Vilas 'Cartas a Lelo' e 'Historias de emigrantes'

Cando coñeciches a Anisia, que foi o que te namorou dela? Que é o Amor?
O Amor é unha cousa marabillosa, entre un home e unha muller, ou o amor aos fillos, o amor á patria ou á humanidade. O amor é o sentimento máis profundo, auténtico e definidor do ser humano. Anisia e eu coñecémonos nunha conferencia de Ramón Suárez Picallo sobre Rosalía, en Buenos Aires. De aí pasamos a ser amigos, compañeiros de aula na facultade de Xornalismo e logo fomos noivos e logo casamos. Ela contaba que cando nos coñecemos, esa noite unha amiga durmiu na súa casa e ela díxolle á amiga: "Yo me voy a casar con Neira". A vaidade masculina di que somos os homes os que escollemos, pero son as mulleres as que nos escollen a nós. Eu fun escollido e ela escolleume. Gustoume porque era unha rapaza bonita e intelixente. Anisia e mais eu tiñamos moitas afeccións comúns, e unhas visións do mundo e da sociedade comúns. Ela incorporouse pronto á cultura galega. Ela estudou galego porque un poeta arxentino falou do "idioma prohibido", o galego, un idioma que parecía que non existía. Ela dixo: "Vou aprender ese idioma prohibido".



No teatro e poesía que Anisia escribiu para nenos había unha tenrura moi especial.
Ela fundou a revista *Zunzún*. É autora dunha biografía do Che, e tivo o pai do Che como informante. Chamábase *Cuando Che era Ernestito*, e falaba do Che neno. Fixo un vocabulario de palabras en castelán, galego e guaraní. É autora dunha monografía sobre José Martí, o poeta nacional de Cuba, moi admirador de Rosalía e Concepción Arenal. Foi coordinadora nacional de todos os libros que se publicaban para nenos en Cuba dende a editora Juvenil. Ela en Cuba fixo teatro con nenos que aínda non lían e dicíalles o papel de viva voz.

O xornalismo foi para ti unha paixón compartida con Anisia.
O xornalismo é un xénero literario máis. É unha forma de literatura. O xornalismo informa pero tamén é creación. Non é unha información chata, absurda. Xornalista foi Alejo Carpentier. Grandes escritores foron xornalistas. Estudamos Xornalismo en Buenos Aires e eran uns estudos moi completos. Tiñamos oratoria, historia do xornalismo, teoría do xornalismo, xornalismo no cine e nos documentais, programas radiais, prensa plana, fotografía...Era variadísimo. Tiñamos un profesor de oratoria que conversaba cunha vaca e falaba mal do goberno. Pasaba por tolo pero era diferente, intelixente, culto. Tiñamos un profesor madrileño que nos daba un "seminario permanente para escritores".

Unha nai é o tempero, o equilibrio, a medida íntima do tempo, a palabra que tece agarimos?
A nai é a raíz do ser, é a nosa placenta no sentido real, biolóxico e no sentido formativo, de agarimo. A miña nai era unha muller moi intelixente, unha campesiña moi lista, ecuánime, de moita iniciativa. Tiña asma e pasouno mal, tiña pouca terra e tiña un sentido ético extraordinario. O lema que ela me dicía era que "ante todo hai que ser un home honrado". Era unha muller que cantaba e eu teño o pano que ela levou na cabeza o día do seu casamento. Eu tamén canto. Anisia e eu cantabamos un pouco todos os días, porque era unha recomendación que nos fixo un psicólogo. Hai que cantar e sorrir. Eu cando era mozo cantaba moito. Iamos dez ou quince quilómetros camiñando ás festas. Iamos cantando e tomando coñac ou augardente.

Gres é unha tenza de vizosos labradíos.
Gres é unha parroquia rural, fluvial porque ten dous ríos: o Ulla e o Deza. Gres ten moita Historia. Ten as insuas e ten a ponte medieval. Ten tres pontes. Gres é un nome prelatino. Gres deu personaxes moi importantes. Significa a miña raíz. Despois de estar 43 anos fóra, volvín a Gres. Estiven 12 anos en Buenos Aires e 31 anos na Habana. Eu sentía unha morriña creativa. Escribín máis de 30 libros en galego. Eu son monolingüe. En Buenos Aires escribía en galego nos periódicos. Facía fábulas como *Saudade do grilo* ou *Fala o paspallás* tratando problemas sociais.

Segues sendo un neno labrego como Balbino? Memorias dun neno labrego foi como un espello para moita xente.
Carpentier di que cando un publica un libro, empeza a función do circo e o libro xa non é teu. Eu síntome Balbino. Síntome un rapaz campesiño. Sei facer todos os traballos que fixen na adolescencia. Son un neno campesiño que andou mundo e estudou e viviu e publicou libros pero sigo sendo fiel ao meu recuncho, á terra, a Gres, á contorna, aos veciños, aos que están enterrados no camposanto. Cando eu tiña dous anos levaba zoquiños pero tiña a ilusión de vestir mellor, calzar zapatos e comer pantrigo. Os zocos mancaban os pés. Recordo a lama dos camiños, os remendos da roupa, o pan de broa. Era unha infancia de pobreza e limitacións pero era moi vital. Faciamos xoguetes e faciamos carros e empuxabámolos polos camiños.

Esas camiñatas, esas aventuras e mil cousas máis, faciámolas con esa vitalidade que hoxe non hai. Eramos moi vitais e alegres. Gustábame bailar coas mozas e coas nenas. Era todo moi inocente, tenro. Sigo fiel a esa infancia, a esa placenta en Gres, e fiel ao idioma, á fala dos meus pais.

Sentiches sempre un amor grande polas palabras?
Son unilingüe. Escribín todo en galego. A lingua era a miña identidade e enchía cadernos de palabras. Ía poñendo palabras, palabras, palabras... Amarás a palabra e levarás a palabra como equipaxe. O idioma era unha defensa. Cando unha actriz denigraba unha muller galega faciamos protesta diante do cine e quitaban esa película. Eramos xente de acción, de rúa, de protesta. Nós defendiamos a Galicia "sen razón, contra razón e con razón." Iso hai que vivilo fóra, en América. Era unha saudade creativa. E acordamos ir rigorosamente ben vestidos cando liamos un libro galego nun autobús e faciamos propaganda de Galicia. Faciamos tantas cousas por Galicia! Era un labor constante. Queriamos prestixiar o nome de Galicia.

Sempre escribiches moitas cartas e déchesllles moito traballo aos carteiros.
Eu escribía máis cartas das que me escribían a min. *Cartas de vellos amigos* recolle corenta anos de cartas dende Buenos Aires e A Habana. Son unhas 304 cartas, para ter contacto co mundo galego. Son cartas de Avilés de Taramancos, Manuel Colmeiro, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Laxeiro, Ramón Otero Pedrayo... Nas miñas cartas eu sacáballe información sobre temas de cultura galega. Eu non contaba chismes. Neste libro aparece a miña relación con todos os intelectuais. Era o meu activismo galeguista. Eran miles de cartas co mundo cultural galego e por iso eu estaba informadísimo. Conservo cartas de amigos que xa morreron. Eu fun carteiro de rapaz e cando ía á escola xa percorrera antes dez quilómetros e non por bos camiños. Sempre me gustou manter correspondencia porque era a ponte entre os exiliados e os intelectuais de aquí. Non me arrepinto dese activismo e desa paixón. Renunciei a meterme en negocios e ter cargos importantes porque o meu rumbo era escribir. Eu quería só subsistir e para min o rumbo estaba definido dende neno.

Para Uxío Novoneyra, a poesía era unha forma de entusiasmo e tamén unha forma de responsabilidade.
Uxío era un gran valor, un poeta moi orixinal que lle cantou ao Courel. No ano 64 eu traducín vinte poemas del ao castelán para unha revista. Trateino aquí e coincidimos en dous recitais, nos que tamén estaban Manuel María, Bernardino Graña e Méndez Ferrín. Novoneyra recitaba coa súa forma profunda, co seu vozarrón. Había unha poesía miña que dicía que "os emigrantes somos garabullos" e Uxío dicía que lle gustaba moito porque os emigrantes están á deriva, lévaos o vento cando nos fai emigrar, cando nos obriga a emigrar. Eu emigrei para estudar e para superarme.

Unamuno dicía que "el que no vive religiosa o poéticamente es un tonto".
Unamuno dicía iso en *El sentimiento trágico de la vida* e penso que un é 'tonto' porque é moi vulgar se non ten un sentimento relixioso ou poético. Hai quen non escribe versos pero é poeta. Podes ter esa esencia poética aínda que non escribas versos. Eu estou máis cerca do poético que do relixioso. Relixión non é só a práctica dun culto senón que é algo máis profundo. Incluso un ateo non é tan ateo porque hai unha esencia que vai cara a Deus aínda que non lle rece a ninguén. Teño máis asentamento no poético que no relixioso pero non desboto a esencia da relixión.

Na terra tes o teu asento, un sentimento profundo, un amor vivo e rotundo ao val onde naciches.
Eses versos son profundos, auténticos. Eu digo que os meus ósos están feitos con pedras destes montes e o meu sangue vén dos regueiros que baixan a Gres, e xermolan nos mananciais. Se bebes leite das vacas de aquí estás desfrutando da herba. Agora mesmo queda unha vaca na parroquia. E a muller que ten ese animal di: "A vaca faime compañía". Aquí as vacas fóronse vendendo e foron desaparecendo. Dicía Castelao que a vaca é a ama de cría da humanidade. Eu de rapaz levaba as vacas a pacer ao monte. A vaca ía tirando do arado e do carro e daba leite e crías. Ten razón Castelao cando di que a vaca é o símbolo da Galicia campesiña e dunha economía ben distribuída. Lin o pregón da Festa do Queixo de Arzúa e cando dixen que as vacas se alimentan en Galicia e se moxen en Madrid, a xente aplaudíame. O pesebre está en Galicia e os tetos están en Madrid. Antes as vacas pasaban tanta fame como a xente. Eu quedaba durmido cando ía coas vacas, e elas comían todos os repolos. As vacas dábanlle calor á casa. Tiñan unha función térmica. Os rapaces estaban encariñados coas vacas. Non coñecemos o noso país, e ao mellor non o merecemos.

Neira Vilas é tan amable que, cando rematamos a entrevista, fai que apareza un taxi na porta da súa casa para levarme de volta a Compostela. Despídome de Gres e o taxista Juan vai falando comigo durante todo o camiño. Admira moitísimo a Neira Vilas e Anisia. Ten con eles moitísima confianza, moito trato e moito cariño. O taxista cóntame que Anisia lle facía confidencias moi especiais porque era unha muller moi boa. Neira Vilas trataba moi ben a Anisia e ela tamén quería moito ao seu home. O taxista ten todos os libros destes escritores tan queridos, e énchenselle os ollos de bágoas cando recita os versos que están na lápida de Anisia: "Tamén ti es de Gres, amiga, amada. De Gres e miña, nosa, de nós todos. Es desta terra, deste vello lugar que te agarima...".

Xosé Neira Vilas. *'Dende Lonxe'*

[Dende Lonxe]

Galiza.
Por un camiño novo e limpo
vou a ti dende lonxe.
Rubo a ti
por unha escada de verbas acendidas.
Cada pasada un hino,
cada chanzo un latexo.
Levo nunha estrela
o mensaxe dos teus fillos desterrados,
que che son fideles
máis alá dos reloxes e do mar.

Túa forza disgregada,
túa vontade sin rumo,
túa semente esparguida
anceian integrarse,
xermolar e vivir en ti.
Auga somos do mesmo río,
muxicas da mesma fogueira,
cadullos do mesmo chan.

Dende lonxe,
teu sangue vagamundo
teima voltar ás matricias veas

[Ollos de neno]

Vou ó reencontro dos teus ollos, neno.
Teño espetada en min
a lembranza deles:
dúas pérolas que rodan por incertos vieiros,
dous tenros gromos,
dúas caixiñas azúes
que gardan pevidas de saudade.

Ollos acugulados de paisaxe leda;
espellos que refrexan o verdor do alcacén
e dos piñeiros;
testemuño de prexuizos herdados
que enxertou un alleo bafo secular.

Ollos que choutan na noite de San Xoán
por riba do fumazo
e percuran foguetes nos días de festa;
ollos que bagoxan na escola
ao bater nun desencontro de lingoaxes
i en misterios serodios...

Ollos que adiantan os dun home
bulrado, esquecido,
que percura a rotineira de alén mar.

Ollos de orfo.
Ollos sereos, magoados pola xiada,
polo vento, polas tebras.
Ollos de pedir pan.

[Presenza do vento]

Chegou o vento!
Viña fuxindo, fuxindo,
arreguizado;
viña berrando,
berrando
coa voce agoniante dos orfos,
co laio fondo e ardido
das gorxas que non se anagan.

Chegou o vento correndo,
bruando,
rexindo,
cangado de botellas de náufragos
e fachos incandescentes.
Trai hinos, coitelos e chorimas.
Trai recendores de oliveira
collidos nun alborecer
de verbos lumiosos.
Trai mensaxes de loita.

Chegou o vento!
Abride as portas.
Escoitádeo.
Seguídeo.

[Garabullos]

Os emigrantes somos garabullos
ceifados, traguidos polo vento.
Batendo nas pedras,
nos valos,
na indifrenza total do monte
imos a rolos por cotos e valgadas.
Cando brúan os árbores
e os nubeiros se arrolan,
cando xurden remuíños que nos envolven
coidamos ser alguén.
Trasteados por tódalas beiras,
levados e traguidos violentamente
de brañas a altorelos,
de altorelos a brañas,
somos ao fin pousados
na trenla do hourizonte
onde ollamos nosa escura dimensión.
Garabullos!
Míseros garabullos
sin forza propia nin verdade.
Garabullos
antepostos diante do vento,
cun sóio e fadal destino: arder.
Queimarnos nun incendio que nos redima.

Anisia Miranda. *'Esta es Cuba, Hermano'*

[Esta es Cuba, Hermano]

Esta es Cuba,
Hermano.
Hermano blanco.
Hermano negro.
Hermano indio.
Esta es Cuba.
Isla que aflora en el Caribe.
Prieta de cañas.
Jugosa de azúcar
y savia generosa.
Esta es Cuba.
Hermano blanco.
Hermano negro.
Hermano indio.
Esta es Cuba.
Caimán flotante.
"La tierra más hermosa
que ojos humanos vieron".
Cocotero y rumba
en el cartel del turista del Norte.
Esperanza nueva
para el Sur anhelante.
Esta es Cuba.
Su nombre simple,
tan simple como sus primeros hijos:
"coa",
"bana",
"lugar grande",
porque siempre fué grande en corazón
mi tierra.
Pues bien,
la elemental geografía
de ese nombre,
te llama.
Te llama su suelo, húmedo aún de sangre.
Yo también te llamo,
vehemente,
desde todos los puntos cardinales.
Reclamo tu atención,
hombre de América.
Pido tu presencia.
Ven a conocer esta nueva vida.
Lleva por el mundo
su verdad.
Hermano blanco.
Hermano negro.
Hermano indio.
Esta es Cuba.
Nacida del Caribe,
con su Golfo de México,
en el Mar de las Antillas,
el Estrecho de Yutacán
y el fabuloso Océano Atlántico.
Esta es Cuba en Alborada
nacida para tí y para mí.
Recuperando el surco.
Exprimiendo la caña.
Saturándose de azúcar.
Sin cocoteros, sin maracas
ni rumbas para carteles turísticos.
Con palmas de libertad
para los libres.
Esta es Cuba.
Tu Cuba y la mía.
Hermano blanco.
Hermano negro.
Hermano indio.

Hermano rubio.

[Como aquella tierra]

Yo soy como aquella tierra antillana
que me llama en silencio.
Yo soy parte de aquel suelo.
En mí crece la ceiba.
Mis venas son los ríos
que la riegan
y mi pensamiento
el mar que la refresca.
Yo soy como aquella tierra:
una alegría melancólica
que a veces se transforma en llanto,
y un llanto que brota en cada sonrisa triste.
Yo soy como las rocas de sus playas,
fuerte
y como la arena de sus costas,
débil.
Mi cuerpo de carne se confunde
con su cuerpo de tierra.
No me es preciso morir
para sentirme en ella.
Yo soy como aquella tierra,
tanto,
que algunas veces parece
que mi sangre de Trópico,
la quiere helar un Norte frío.

[Será]

Y me verás llegar un día,
alucinada de ausencias,
con la frente más clara
y los ojos más tristes.
Y no sabré alegrarme con sonrisas.
Será un llanto guardado por años,
siempre presente,
pero nunca llorado.
Será un contemplarte
entre la niebla de ese llanto,
sentirte bajo mis pies,
poder caer de rodillas
sobre tu tierra
y empapar las manos
en el rocío fresco
de cualquier mañana.
Será un reencontrarme
reencontrándote.
Será un volver a vivir
reaprendiendo a vivirte.
Será empezar de nuevo lo dejado.
Sentirte al fin.
Reunir de una vez
el cuerpo con el alma.

Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum. Na foto de portada, Neira Vilas e Anisia Miranda en Bos Aires no 1956.